



Xacobeo 21-22

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais
1º Cuadrimestre 2021

PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	94.998	-49,4%	167.714	-50,8%	1,77	-2,8%	13,22%	-13,18
PENSIÓNS	12.303	-50,2%	86.026	1,6%	6,99	103,9%	13,20%	-2,63
ESTAB. HOTELEIROS	107.300	-49,5%	253.742	-40,4%	2,36	18,1%	13,21%	-10,10
APTOS. TURÍSTICOS	7.722	15,3%	19.301	21,1%	2,50	5,1%	15,84%	-0,20
TURISMO RURAL	2.184	-9,0%	4.854	56,4%	2,22	72,0%	3,96%	0,43
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	9.906	8,9%	24.155	26,9%	2,44	16,5%	-	-
TOTAL	117.206	-47,1%	277.897	-37,5%	2,37	18,2%	-	-

- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña. Así, descende o volume de noites un 37,5% como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados do 47% nun contexto no que mellora a estadía media.
- A Coruña é a provincia de maior volume e peso en Galicia. Rexistra preto de 278 mil noites, o 43% do total da comunidade.
- A caída da demanda concéntrase nunha soa tipoloxía de aloxamento, aquela de maior peso: os hoteis. Nesta modalidade apréciase un descenso do 51% no volume de noites. Nas restantes tres tipoloxías o comportamento é diferente e destaca precisamente por isto a súa importancia. Nas pensións obsérvase unha mellora suave, do 2%, grazas ao forte crecemento da estadía media mentres que a demanda sobe de forma máis notable nos apartamentos turísticos –un 21%– e nos establecementos de turismo rural –un 56% neste caso–.
- O 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 60% nos hoteis e un 31% nas pensións–. O 9% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural. Esta distribución mantense estable nos últimos 5-6 meses.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste cuadrimestre sobe o turismo interno na provincia de A Coruña –nun 1,1%– e descende, en cambio, o turismo receptor –nun 56% o de ámbito nacional e nun 69% o internacional–.
- O segmento de maior peso na provincia é o mercado interno. Representa neste período o 55% do total das noites hoteleiras. O turismo receptor nacional absorbe o 34% mentres que o 11% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución algo diferente. Descende no segmento hoteleiro –de forma máis notable nos hoteis e menos acusada nas pensións–, mantense estable nos apartamentos turísticos e sobe moi levemente nos establecementos de turismo rural.
- Con 2,4 noites a provincia de A Coruña marca neste cuadrimestre a cifra de estadía media máis alta de Galicia. Supera nun 18% o dato do pasado ano.

PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	30.741	-41,5%	49.850	-42,3%	1,62	-1,4%	12,25%	-10,05
PENSIÓNS	7.069	-21,3%	19.532	-14,5%	2,76	8,7%	6,80%	-2,09
ESTAB. HOTELEIROS	37.810	-38,5%	69.382	-36,5%	1,84	3,4%	9,99%	-6,95
APTOS. TURÍSTICOS	4.089	41,2%	22.424	23,8%	5,48	-12,3%	16,59%	-10,27
TURISMO RURAL	2.020	-4,5%	3.554	4,9%	1,76	9,9%	3,08%	-1,53
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	6.109	21,9%	25.978	20,9%	4,25	-0,9%	-	-
TOTAL	43.919	-34,0%	95.360	-27,0%	2,17	10,5%	-	-

- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Lugo. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados –nun 34%- así como o volume de noites –nun 27% neste caso-.
- Lugo marca neste cuadrimestre o descenso menos acusado a nivel de Galicia, isto é, presenta o mellor comportamento relativo a nivel provincial.
- Este descenso vén provocado polas caídas rexistradas no ámbito hoteleiro, principalmente nos hoteis –que rexistran unha caída do 42% interanual como consecuencia do descenso da cifra de viaxeiros aloxados-. Nas pensións a caída é inferior, do 14% neste caso. O volume de noites sobe en cambio nos apartamentos turísticos –nun 24%- e no segmento de turismo rural –nun 5% neste caso-.
- O 73% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 52% nos hoteis e un 21% nas pensións-. O 27% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos –co 23%- quedando cun menor peso os establecementos de turismo rural –representan o 4% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste período un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado. Descende neste cuadrimestre o turismo interno –nun 28%-, o receptor nacional –nun 50%- e o internacional –nun 29% neste caso-. Co 59% do total da demanda é xustamente o mercado interno o de maior peso na provincia.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes. Descende en todas as modalidades con diversa intensidade, de forma máis notoria nos hoteis e nos apartamentos turísticos –en dez puntos- e menos acusada nas pensións –en dous puntos- e en turismo rural –en algo máis dun punto neste caso-.
- A estadía media increméntase neste período, un 10,5% en particular, para situarse preto de 2,2 noites.

PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	34.991	-28,0%	57.300	-30,2%	1,64	-3,0%	14,84%	-11,47
PENSIÓNS	7.471	-41,3%	18.325	-31,8%	2,45	16,2%	10,01%	-6,51
ESTAB. HOTELEIROS	42.462	-30,8%	75.624	-30,6%	1,78	0,3%	13,28%	-9,68
APTOS. TURÍSTICOS	266	-80,4%	606	-81,2%	2,28	-4,4%	6,88%	-13,43
TURISMO RURAL	2.982	-15,8%	4.779	-14,3%	1,60	1,8%	6,54%	-2,80
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.248	-33,7%	5.385	-38,8%	1,66	-7,8%	-	-
TOTAL	45.710	-31,0%	81.009	-31,2%	1,77	-0,3%	-	-


- Ourense é a provincia que presenta peor comportamento neste cuadrimestre, non tanto pola intensidade da caída da demanda –que se sitúa no 31% tanto no relativo á cifra de viaxeiros aloxados como ao volume de noites- senón porque afecta a todas as tipoloxías de aloxamento –ao contrario que no resto das provincias-.
- Así descende o volume de noites no segmento hoteleiro –un 31%- , con intensidade parella entre os hoteis e as pensións, e tamén no segmento extrahoteleiro, con diferenzas notables entre os apartamentos turísticos -que presentan unha caída do 81%- e os establecementos de turismo rural –modalidade na que se rexistra un descenso do 14% neste caso-.
- O 94% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 71% nos hoteis e un 23% nas pensións-. O 6% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun maior peso para os aloxamentos de turismo rural –con máis do 5%- e menos para os apartamentos turísticos –con apenas o 1%-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste cuadrimestre descende o turismo de ámbito nacional -nun 13% o interno e nun 33% o que procede do resto do Estado- e o internacional -nun 78% neste caso-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste período é o mercado interno –absorbe o 61% do total das noites hoteleiras da provincia-. O turismo receptor nacional representa o 34% mentres que o 5% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora no segmento hoteleiro -con maior intensidade nos hoteis, con máis de once puntos, fronte ás pensións, con algo máis de seis puntos- e tamén nos apartamentos turísticos –en máis de trece puntos- e en turismo rural –preto de tres puntos neste caso-.
- A estadía media mantense estable nos niveis do pasado ano con preto de 1,8 noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	75.314	-43,3%	149.581	-37,1%	1,99	10,9%	14,81%	-9,78
PENSIÓNS	7.509	-12,4%	26.720	-9,1%	3,56	3,7%	11,94%	-1,50
ESTAB. HOTELEIROS	82.822	-41,4%	176.301	-34,1%	2,13	12,6%	14,29%	-8,24
APTOS. TURÍSTICOS	2.507	105,7%	8.274	96,3%	3,30	-4,6%	6,10%	-0,08
TURISMO RURAL	2.478	-11,0%	3.798	-12,0%	1,53	-1,1%	3,12%	-1,36
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	4.985	24,5%	12.072	41,5%	2,42	13,6%	-	-
TOTAL	87.807	-39,6%	188.373	-31,7%	2,15	13,1%	-	-

- Pontevedra rexistra neste primeiro cuadrimestre un comportamento negativo da demanda turística regrada. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 40% e o volume de noites nun 32% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- O descenso da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas agás aos apartamentos turísticos, modalidade que supera en case o dobre o volume de noites do pasado ano. A demanda cae de forma notable nos hoteis –nun 37%- e algo menos acusada na pensións –nun 9%- e nos establecementos de turismo rural –nun 12% neste caso-.
- Pontevedra é a segunda provincia en orde de importancia en Galicia. Con máis de 188 mil noites absorbe o 29% do total da comunidade neste primeiro cuadrimestre.
- O 94% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe preto do 80%- e ás pensións –co 14%- . O 6% restante concéntrase nos apartamentos turísticos –co 4%- e nos establecementos de turismo rural –co 2% neste caso-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento parello por canto descende o volume de demanda nos tres grandes segmentos considerados. Así, cae o turismo interno nun 10%, o receptor nacional nun 49% e o internacional nun 55%.
- Os niveis de ocupación presentan un comportamento semellante ao da demanda. Empeora notablemente nos hoteis –en case dez puntos- e de forma menos acusada nas pensións e establecementos de turismo rural –en algo máis dun punto-. Mantense estable, en cambio, nos apartamentos turísticos.
- Incrementábase neste período a estadía media –nun 13% en particular- situándose en 2,15 noites.

Reparto da demanda turística regrada. Noites 1º Cuadrimestre 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites 1º Cuadrimestre 21/20

